

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
10/06/2010	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. José María Barja Pérez.Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D^a M^a Jesús Grela Barreiro. Vicexerenta</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Luis F. Barral Losada D. José Felipe Fernández López</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D. José Manuel Vilariño Anca D^a Sonia Romero Teijo</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D^a Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. José Carrillo Souto</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Julio Rivero Gómez D. Francisco Santiáñez Orero</p> <p>E) DESIGNADOS POLOS CONCELLOS D. Florencio Cardador Canelo</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

ACORDOS ADOPTADOS
<ul style="list-style-type: none"> - Aprobase a acta correspondente á sesión do Pleno do Consello Social de 25 de febrero de 2010.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 i) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e nos termos previstos no art. 23 da L.O 6/2001, de Universidades, modificada pola L.O 4/2007 de 12 de abril, e no art. 40 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aceptar a proposta do Reitor da UDC de nomear xerenta da UDC a D^a María Jesús Grela Barreiro.
<ul style="list-style-type: none"> - Aprobase, ao abeiro do disposto no art. 3 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, e no art. 3.1 a) do seu Regulamento de organización e funcionamento, a Memoria de Actividades do Consello Social da Universidade da Coruña correspondente ao exercicio 2009.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, propoñer á Xunta de Galicia para a súa aprobación, o cambio de denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol polo de Facultade de Ciencias do Traballo.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 d) da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, proponer a Xunta de Galicia para a súa aprobación, a fusión da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais coa Escola Universitaria de Estudos Empresariais, e propoñer que o nome do centro fusionado sexa Facultade de Economía e Empresa.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, propoñer á Xunta de Galicia a adaptación dos programas de estudos dos títulos de doutoramento en: <ul style="list-style-type: none"> - Enxeñería Marítima - Ciencias da Saúde - Plans e Proxectos: do Territorio á Cidade - Química Ambiental e Fundamental - Saúde, Discapacidade e Dependencia
<ul style="list-style-type: none"> - Ratificación, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, de que a implantación do programa de doutoramento "Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: análise económica e empresarial" extingue a anterior fase de doutoramento do programa oficial de posgrado en Economía e Empresa.
<ul style="list-style-type: none"> - Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 5 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, aprobar a proposta de corrección da denominación do programa de doutoramento incluído dentro do posgrado en "Tecnoloxías da información e comunicación en sistemas de telecomunicación", aprobado no seu día polo Consello de Goberno e o Consello Social, polo de doutoramento en "Tecnoloxías da Información e Comunicacions en Redes Móviles" (interuniversitario).

- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, a asignación individual dos complementos autonómicos ao labor docente e investigador ao profesorado da UDC que se relaciona na proposta da ACSUG de 2 de marzo de 2010.
- Apróbanse as tarifas de aluguer das instalacións deportivas da UDC, ao abeiro do disposto no art. 3.2 d) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña.